



Guía Docente

Datos Identificativos					2013/14
Asignatura (*)	Literatura española e hispanoamericana: Xéneros	Código	613484011		
Titulación	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	Castelán				
Prerrequisitos					
Departamento	Filloxía Española e Latina				
Coordinación	Valcarcel Lopez, Maria Eva	Correo electrónico	eva.valcarcel@udc.es		
Profesorado	Caparros Esperante, Luis Valcarcel Lopez, Maria Eva	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es eva.valcarcel@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Estudo avanzado de textos de Literatura Española ou Hispanoamericana baixo a perspectiva do xénero literario a que pertencen ou en que se poden inserir para a análise crítica.</p> <p>Este curso centrarase no estudo da teoría e da práctica da lírica no período entre vangardas á contemporaneidade, con atención ao pensamento e ao exercicio poético, ao contexto no que se orixina e aos documentos artísticos que se tivesen producido en torno a ela.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes.
A2	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma.
A3	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais.
A4	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos.
A6	Integrar os estudos literarios nun contexto cultural máis extenso que transcenda os límites dunha soa lingua e / ou nación, atendendo á diversidade cultural.
A10	Aplicar as técnicas de análise cultural en contextos diversos.
A11	Adquirir as habilidades necesarias para analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación.
A12	Coñecer e valorar a diversidade cultural, con especial atención aos ámbitos anglófono, hispánico e galego-portugués.
A13	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais.
B1	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos.
B3	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade.
B5	Integrar coñecementos de campos de estudo diversos.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
O alumnado debe ser capaz de comprender criticamente o pensamento poético da modernidade e a vangarda; deben saber diferenciar as principais trazas deste pensamento nas obras literarias estudadas de maneira práctica.	AM1	BM1	CM1
	AM2	BM3	CM3
	AM3	BM5	CM6
	AM4		
	AM6		
	AM13		



O alumnado debe ser capaz de comprender a diversidade cultural e o pensamento social en diferentes ámbitos culturais e nacionais dentro do período obxecto de estudo.	AM6 AM10 AM11 AM12	BM1	
O alumnado debe comprender a necesidade do estudo artístico interdisciplinar e o seu interese para a apreensión do coñecemento.		BM1 BM5	

Contidos	
Temas	Subtemas
1 Introducción. O concepto de xénero literario no período estudado.	A lírica: límites e extensión do concepto. Antecedentes teóricos
2 A poesía e o seu desenvolvemento na Modernidade e nas vangardas históricas.	-Do Futurismo ao Dadaísmo -Do Ultraísmo á poesía pura -O Surrealismo
3 A correspondencia das artes.	Revisión, mediante un percorrido audiovisual, das correlacións estéticas entre os diferentes soportes artísticos na época.
4 A singularidade do discurso poético.	A práctica poética: escritura e lectura.
5 Poesía e filosofía.	Poesía e comunicación. Poesía e pensamento.
6 Os poetas e os poemas. Exercicios prácticos.	Estudo práctico do discurso poético contemporáneo. Comentarios de textos poéticos.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Obradoiro	11	14	25
Sesión maxistral	6	24	30
Traballos tutelados	2	15	17
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	O obradoiro proporciona un coñecemento práctico da disciplina, a valoración crítica de textos e contextos. Alenta a discusión e a instrución cooperativas. Constitúe un vehículo idóneo para a análise e a recreación dos modelos teóricos. O obradoiro conxuga diversas prácticas didácticas e as implica na procura do coñecemento directo do obxecto de estudo.
Sesión maxistral	A sesión maxistral expón os conceptos necesarios para a comprensión da materia, incluíndo a análise dos contextos históricos e teóricos de cada un dos temas contidos no programa.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo de investigación individual, tutelado, en que demostre as competencias alcanzadas. O seu tema e as súas características serán acordadas na aula.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados Obradoiro	O traballo tutelado debe ser guiado polo profesor, con atención á diversidade do alumnado, ás súas expectativas con respecto do tema. Deberá ser guiado no seu deseño formal e conceptual e vixiado para asegurarse de que se leva a término de maneira satisfactoria. A atención personalizada será necesaria nesta metodoloxía, dada a individualización do deseño do traballo que se fará.
----------------------------------	---

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	Na avaliación do traballo tutelado teranse en conta os seguintes aspectos: -profundidade e rigor na investigación -correcta organización e estruturación discursiva -corrección expresiva -seguimento dos criterios formais establecidos	50
Obradoiro	Os diferentes exercicios do obradoiro poderán ser avaliados de maneira global ou individual, poderán ser prácticas escritas entregadas na aula ou propostas para resolver un problema teórico en varias sesións. O obradoiro tamén contempla, eventualmente, a asistencia a eventos culturais nos que se pode solicitar un exercicio práctico inmediato, para avaliar a súa resolución.	50

Observacións avaliación
Para superar a materia é necesario ter realizado satisfactoriamente todas as actividades: traballo tutelado e participación activa nas propostas do obradoiro. No caso de alumnado con dispensa académica de docencia arbitrase un sistema que permita ofrecer similares evidencias do traballo realizado que o resto. En caso de non acadar o aprobado (ou de non presentarse), o alumnado conta cunha segunda oportunidade. Nela, deberán realizar unha proba que lles solicitarán os profesores e que se deseñará de modo específico.

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías